

ASISTENTES

Carmona Ramírez, Jessica Alejandra (EST.)
Casas Rodríguez, Diego (EST.)
Dafonte Gómez, Alberto (PDI-A)
Garrido Suárez, Carlos (PDI-A)
Gómez Rodríguez, Alma María (PDI-A)
Isorna Folgar, Manuel (PDI-B)
Michinel Álvarez, Miguel Ángel (SECRET.)
Reigosa Roger, Manuel Joaquín (PRESID.)
Ríos Santomé, María José (PAS)

DESCULPA ASISTENCIA

Andrés Iglesias, Jesús de (PAS)
Cid Vera, Luis Saúl (EST.)
Ferreiro Vázquez, Óscar (PDI-B)
González Santamaría, Pedro (PDI-B)
Javier Novas Míguez (PAS)

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 21 de xaneiro de dous mil vinte e un, convocada ás 09:45 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo (Reitoría – Secretaría Xeral).

O día **21 de xaneiro de 2021** ás 10:00 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 25 de novembro de 2020.
2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral.
3. Resolución, se procede, das reclamacións aos censos provisionais.
4. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.
5. Sorteio de letra para a confección das papeletas (art. 9 do regulamento).
6. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, da proclamación provisional de candidatos e candidatas.
7. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do día 25 de novembro de 2020.

Sen observacións, aprobouse por asentimento.

2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen da conta das consultas e das propostas de contestación:

Segundo o artigo 9.2º 1) do Regulamento Electoral Xeral (REX, en diante) corresponde á Comisión Electoral “a resolución con carácter vinculante das consultas en materia electoral que lles formulen a Secretaría Xeral ou aos demais órganos universitarios”. Na Secretaría Xeral recibíronse as seguintes consultas

I. Consultas formuladas polo Departamento de Dereito Público Especial.

1. Como se calcula o número de prazas de alumnado correspondente á porcentaxe do 10% que, segundo o artigo 61.1º c) do RXE, debe atribuírse por metade a 1º/2º ciclo e 3º ciclo, respectivamente?

Resposta: o número de prazas será o resultado de calcular o 10% do número total de membros posibles do respectivo consello, que se incrementará nunha praza en decimal igual o superior a 0.5. Por exemplo, nun consello de 28 persoas, o 10% é 2.8, o que supón 3 prazas de representantes de alumnado.

2. A porcentaxe do 10% correspondente ao alumnado, no caso de que o número de prazas sexa impar, como se distribúe entre 1º/2º ciclo e 3º ciclo, dado que o artigo 61.1º c) RXE indica que sexa á metade?

Resposta: en caso de número impar de prazas, corresponderá o maior número de representantes ao sector con maior cantidade de representados, que soe ser o 1º/2º ciclo.

3. Como se aplica o artigo 60.7º do RXE, onde se indica: "7. Nas eleccións de representantes de alumnado a membros de consellos de departamento, no caso de haber candidaturas, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de polo menos un ou unha estudante de cada un dos centros onde imparte docencia o departamento", no caso de que haxa dúas prazas de 1ª y 2ª ciclo, e o Departamento teña docencia en 3 campus?. Debería terse en conta a estes efectos o 3º ciclo?

Resposta: O espírito da norma é evitar a infrarrepresentación do alumnado segundo os distintos centros nos que o departamento poida ter docencia, de xeito que non poden repetir representante ata que todos os centros acaden representación. Agora ben, debe prevalecer aquí novamente a distribución por ciclos, de xeito que poden coincidir un representante de 1º/2º ciclo e de 3º ciclo do mesmo centro, de ser o caso. Por exemplo, nun departamento con tres prazas de representantes e con docencia en tres centros distintos, dúas corresponderán ao alumnado do 1º/2º ciclo de centros distintos, mentres que a terceira será para o alumnado de terceiro ciclo da candidatura mais votada, que poderá coincidir ou non cun dos centros que acadou representación polo 1º/2º ciclo.

4.- Pode garantirse, no actual Estado de alarma, que o alumnado poida vir votar aos seus representantes para os Consellos de Departamento, tendo en conta que o alumnado ven á Facultade cada tres semanas?

Resposta: no momento actual, non existen restricións á mobilidade do alumnado, dado que as rotacións por quendas atinxen soamente á docencia presencial nas aulas, pero non impiden ao alumnado acudir puntualmente aos centros, como acontece no caso destas eleccións. De existir futuras restricións mais intensas que afecten á mobilidade, a comisión electoral valorará a situación.

5.- No caso de que unha elección a Director/a de Departamento no poida ser telemática, cabería a posibilidade de suspender a elección ata que a situación sanitaria mellore para poder garantir a asistencia?

Resposta: nada impide que unha elección de Director/a de Departamento poida ser telemática, a través do Campus Remoto, que permite a votación mediante a ferramenta

de enquisas e que, para non vulnerar o segredo do voto cando este sexa preciso, podería ser manexada puntualmente por un funcionario alleo ao órgano (por exemplo, neste caso, un/ha administrador/a de centro) quen, como tal, está suxeito/a ao deber de confidencialidade fixado polas normas de función pública, sen descartar outras posibles solucións.

Alberto Dafonte intervén para preguntar se certamente o Campus Remoto non garante o segredo do voto e pide que se informe aos centros e departamentos desta circunstancia e das alternativas posibles, rogando asemade que se impulsen fórmulas técnicas na propia plataforma para impulsalo. María Xosé Ríos concorda, así como o reitor.

II. Consultas formuladas pola Escola Superior de Enxeñaría Informática.

1. O artigo 58 b) REX indica que a xunta de centro estará composta por “unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente á universidade, correspondente ao 10 % da xunta de centro, do que polo menos o 80 % será persoal docente e investigador con dedicación a tempo completo. En todo caso, de haber candidatos/as, cubriranse todos os postos”. Que pasa cando todo o persoal docente e investigador sen vinculación permanente á universidade censado ten dedicación a tempo parcial, (é dicir, non hai ninguén a tempo completo). Pódense cubrir todas as prazas para este sector con PDI-B a tempo parcial ou hai que deixar o 80% das prazas baleiras, de non haber PDI-B a tempo completo?

Proposta de interpretación: a norma remítese ao artigo 38.1º dos Estatutos da UVigo, que establece simplemente que haberá “unha representación do PDI-B”, sen establecer porcentaxes. O espírito do texto que orixina a pregunta é garantir unha maioría de representantes para o PDI-B con dedicación a tempo completo pero, de non existir tales, cabe lembrar que o segundo inciso da norma establece que “en todo caso, de haber candidatos/as, cubriranse todos os postos”; o que permite entender a expresión “o 80% será persoal docente e investigador a tempo completo” como “o 80% corresponderá a persoal docente e investigador a tempo completo”; podendo, por tanto, cubrirse as prazas con PDI-B a tempo parcial, de faltar PDI-B a tempo completo.

2. O parágrafo c) do anterior artigo inclúe asemade “unha representación do estudantado, que constituirá o 29 % da xunta de centro, do cal unha sexta parte será estudantado do terceiro ciclo. No caso de que o número de candidatos e candidatas de 3º ciclo non permita cubrir a súa porcentaxe, a diferenza acumularase na porcentaxe de 1º e 2º ciclo”. No caso de que non se cubra esa sexta parte co alumnado do terceiro ciclo, pode completarse o total de prazas con alumnado do primeiro e do segundo ciclo?.

Proposta de interpretación: Si. O resto de prazas non cubertas por candidaturas do 3º ciclo aumentanse ás de 1º e 2º ciclo.

Apróbanse por asentimento as respostas propostas polo secretario xeral.

3. Resolución, se procede, das reclamacións aos censos provisionais.

O reitor cede a palabra ao secretario Xeral, quen informa de que non houbo reclamacións aos censos do alumnado do 1º e 2º ciclo. As reclamacións que procede sexan examinadas pola comisión no caso do terceiro ciclo foron de dous tipos:

1. Ausencias no censo: 12
2. Dereito de opción: 12
 - A. Opción en caso de codirección en teses de doutoramento: 10
 - B. Opción como PDI-B en caso de simultaneidade de alumnado de 3º ciclo con contrato: 2.

CADRO DE RECLAMACIÓNS RECIBIDAS NA SECRETARÍA XERAL				
Interesado/a	Dpto/P.D.	Alegación ao censo formulada	Xestión de verificar realizada	Operación levada a cabo sobre o censo
Alonso Calvete, Alejandra (██████████)	D00x05 – Didácticas especiais	Figuran como alumna/o de 3º ciclo. Queren figurar no censo de PDI-non nato	Consulta á Área de Apoio a CC e DD de Ourense	Inclúense como PDI non nato
Lorenzo Martínez, Miguel (██████████)				
Rúa Fontarigo, Rosa María (██████████)	D00x01 – Análise e Intervención Psicosocioeducativa	Figurando no censo de 3º ciclo optan por figurar no que está adscrito/a o/a director/a de tese	Consulta ao Servizo de Posgrao para corroborar a identidade e centro de adscrición do/a director/a	Modifícase no listado o centro de adscrición (105 – <i>Facultade de Educación e Tránsito Social</i>)
Covelo Pérez, José Miguel (██████████)				
Sánchez Prieto, Iria (██████████)				
Fernández Arias, Tamara (██████████)				
Fernández Barreira, Tamara (██████████)				
Freire Barea, María Nieves (██████████)				
Galiña Lorenzo, Juan Manuel (██████████)	D00h05 – Historia, Arte e Xeografía	Non figura no censo de estudantes de 3º ciclo	Consulta ao Servizo de Posgrao para corroborar a matrícula así como a identidade e centro de	Insírese no censo no centro de adscrición (104 – <i>Facultade de Historia</i>)
Meiriño Gómez,	D00h12 –	Non figura en censo		Insírese no censo

Jesús (██████████)	Tradución		adscripción do/a director/a	no centro de adscripción (301 – FFT)
Bouso Darriba, Germán	D00x02 – Dereito privado	Non figuran en censo; motivo alegado pola secretaría da CAPD: estaban pendentes de lles asignar director/a		Insírense no censo do centro (308 – Facultade de CC XX e Traballo)
López-Chaves Castro, Ignacio	D00x03 – Dereito público			
García Noriega, Lino José	D00x13 – Dereito público especial			
Afonso Ferraz, Lucio Carlos				
Ocampo Pérez, Marcos				
López Juiz, María Fe				
Ferreira Oliveira, Miguel Fernando				
Gómes Amorim, Rafael				
Rivero Álvarez, Óscar				
Merayo Fernández, Rodrigo				
Frieiro Padín, Paula (██████████)	D00x01 – Análise e Intervención PSSE	Figura no censo de 3º ciclo pero opta por figurar naquel ao que está adscrito/a o/a director/a de tese	Consulta ao Servizo de Posgrao para corroborar a identidade e centro de adscripción do/a director/a	
Pérez Lahoz, Violeta (██████████)	D00x01 – Análise e Intervención PSSE	Figuran no censo de 3º ciclo pero optan por figurar naquel ao que está adscrito/a o/a director/a de tese	Consulta ao Servizo de Posgrao para corroborar a identidade e cen- tro de adscripción do/a director/a	Modifícase no listado o centro de adscripción (105 – Facultade de Educación e Traba- llo Social)
Moraña Boullosa, Alba (██████████)				
Moreno Parra, Leidi Viviana (██████████)				

Apróbase por asentimento, consonte ao cadro exposto.

4. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.

O reitor cede novamente a palabra ao secretario xeral, quen sinala que:

- Sobre a base das respostas ás consultas do punto 2.
- Aceptadas as reclamacións que corresponden á Comisión Electoral listadas no punto 3.
- Incluídas as reclamacións resoltas polas xuntas electorais
- Feito o anterior, para elaborar os censos definitivos, a Comisión, en defecto do exercicio do dereito de opción previsto polo REX, debe proceder á
 1. Asignación de alumnado ao terceiro ciclo en caso de simultaneidade con estudos do primeiro e segundo ciclo.
 2. Asignación de alumnado de doutoramento ao centro do director de tese de doutoramento.
 3. Asignación de alumnado ao centro onde curse maior número de créditos en caso de simultaneidade de estudos.

Así mesmo, sinala o seguinte cadro de modificacións respecto dos censos que foron enviados aos membros da comisión, e que foron introducidas esta mesma mañá, tras recibir a información correspondente:

CAMBIOS INTRODUCIDOS SOBRE AS LISTAXES ENVIADAS Á COMISIÓN						
ALUMNO/A				ESTUDOS DE 3º CICLO		DIRECTOR/A, DPTO E CENTRO DO DR.
██████	López	González	Iria	P.D. en Equidade e Innovación e Educación		Ángeles Parrilla Educación e Deporte X05 - Didácticas especiais
██████	Martínez	Estévez	Iván	P.D. en Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento		J. Manuel Domínguez Alonso Fac. Ciencias T08 Física Aplicada
██████	Núñez	Estévez	Bernabé	P.D. en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria		Miguel. A. Prieto e Lilian Barros Fac. Educación e T.Social C07 - Química Analítica e Alimentaria
██████	Iglesias	Comesaña	Carla	P.D. en Tecnoloxía Medioambiental	LEU A TESE EN 2017. HOXE TEN 2 MASTERS ACTIVOS	

██████	Carreiro	Prieto	Paula	P.D. en Intervención Psicosocioeducativa en Educación Secundaria: Cara a unha Proposta de Calidade	P.D. EXTINGUIDO 2015	
██████	Otero	González	Daniel	P.D. en Biotecnoloxía Avanzada	INACTIVO ACTIVO UN MÁSTER	
██████	Limia	González	Sandra	P.D. en Ciencias da Educación e do Comportamento	LEU EN ABRIL DE 2018	
██████	Ruiz	Arribas	Marta	P.D. en Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida	INACTIVO. BAIXA DEFINITIVA A PEDIMENTO PROPIO. MASTER DE 2020	

Apróbase por asentimento, coas modificacións incluídas no cadro exposto.

5. Sorteio de letra para a confección das papeletas (art. 9 do regulamento).

O reitor procede ao sorteio, sendo a primeira letra sorteada o “U” e a segunda o “F”.

6. Delegación na Secretaría Xeral, se procede, da proclamación provisional de candidatos e candidatas.

Apróbase delegar na Secretaría Xeral.

7. Quenda de intervencións.

Non hai intervencións

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:35 h do día 21 de xaneiro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral